



(Sinatura do Presidente)

Folío N.º

1

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 17 de novembro de 2017

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o dezasete de novembro do ano dous mil dezasete, ás nove horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados/as, don Plácido Álvarez Dobaño, don Manuel Doval Soto, don Pablo Pérez Pérez, dona Ana M.ª Villarino Pardo e don Juan Anta Rodríguez, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de que teña lugar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste o interventor accidental, don José Mosquera Casero, xefe do Servizo de Intervención, e dá fe do acto, o vicesecretario xeral, don Juan Marquina Fuentes.

Non asisten á sesión a deputada provincial dona Montserrat Lama Nóvoa e o deputado provincial e vicepresidente 2º, don Jorge Pumar Tesouro, que escusan a súa ausencia.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 3 DE NOVIEMBRE DE 2017.-

O Sr. Vicesecretario da conta de que, unha vez examinado o borrador da acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día tres de novembro de dous mil dezasete, se observa un erro no punto 2º da orde do día de “recoñecemento extraxudicial de créditos”, no que atinxe ó importe da factura 201601710, do 31.12.16, utensilios varios, de Ferretería Botana, SL, pois onde di: “242,50”, debe dicir “242,05”. Modifícase, polo tanto, o importe total da relación de facturas, xa que, no canto de 150.722,60 €, debe figurar a cantidade de 150.722,15 €. De igual modo, corríxese a parte expositiva do dito acordo facendo consta-la incorporación do informe de Intervención (elidido na acta), incorporado ó expediente. Non se producen máis intervencións e a **Xunta de Goberno** da Deputación **acorda**, por unanimidade, a súa aprobación, coas correccións anteriormente expostas.

2.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN CULTURAL E XUVENIL

BANDA DE GAITAS DO CONCELLO DE VEREA.- No Pleno, con data 27 de xaneiro de 2017, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2017 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 334.20/489.00, a cantidade de 15.900,00 euros a favor da Asociación Cultural e Xuvenil Banda de Gaitas do Concello de Vereá, para gastos de desprazamentos a Strakonice 2016 e gastos de material.



NUMERADO
ORACIÓN
OCAIS



(Sinatura do Presidente)

Folío N.º

2

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 17 de novembro de 2017

Unha vez vista a solicitude formulada pola presidencia da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Asociación Cultural e Xuvenil Banda de Gaitas do Concello de Verea, nos seguintes termos:

-Importe: 15.900,00 €.

-Obxecto: gastos de desprazamentos a Strakonice 2016 e gastos de material.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 11 de decembro de 2017.

3.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN OURENSANA DE XADREZ.- No Pleno, con data 30 de xuño de 2017, acordouse aprobar o expediente n.º 3/2017 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 341.11/482.10, a cantidade de 8.000,00 euros a favor da Asociación Ourensana de Xadrez, para escola deportiva.



NUMERADO
ORACIÓNS
OCAIS



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

3

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 17 de novembro de 2017

Unha vez vista a documentación presentada pola presidencia da mencionada entidade, observase que presenta gastos por importe de 7.308,00 euros, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, acorda aprobar unha subvención á Asociación Ourenzana de Xadrez, nos seguintes termos:

-Importe: 7.308,00 €.

-Obxecto: escola deportiva 2017.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 15 de decembro de 2017.

4.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DO BOLO.- No Pleno, con data 27 de xaneiro de 2017, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2017 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2017, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 334.20/462.00 unha subvención nominativa, por importe de 7.000,00 euros, a favor do Concello do Bolo para banda de gaitas.



NUMERADO
ORACIONS
OCAIS



(Sinetura do Presidente)

Folio N.º

4

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 17 de novembro de 2017

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello do Bolo, nos seguintes termos:

-Importe: 7.000,00 euros.

-Obxecto: banda de gaitas

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire aos mesmos proxectos que serviron de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto aos proxectos iniciais.
- 3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de decembro de 2017.

5.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE CALVOS DE RANDÍN.-

No Pleno, con data 29 de xullo de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 4/2016 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2016, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 59.380,00 euros, a favor do Concello de Calvos de Randín, para obras de explanación en terreos de propiedade municipal para dotación de solo industrial.



NUMERADO
ORACIÓNS
OCAIS



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

5

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 17 de novembro de 2017

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Calvos de Randín, nos seguintes termos:

-Importe: 59.380,00 euros.

-Obxecto: explanación de terreos para dotación de solo industrial.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire aos mesmos proxectos que serviron de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto aos proxectos iniciais.
- 3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de decembro de 2017.

6.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DA GUDIÑA.- No Pleno, con data 30 de setembro de 2016, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2017, e con cargo á aplicación 450.12/762.01, a cantidade de 8.670,00 euros, a favor do Concello da Gudiña, para cofinanciamento de pista de Pentas.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na



NUMERADO
ORACIÓNS
OCAIS



(Sinatura do Presidente)

Folho N.º

6

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 17 de novembro de 2017

lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello da Gudiña, nos seguintes termos:

-Importe: 8.670,00 euros.

-Obxecto: cofinanciamento das obras realizadas na pista de Pentes.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de decembro de 2017.

7.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DO IRIXO.- No Pleno, con data 28 de abril de 2017, acordouse aprobar o expediente n.º 2/2017 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2017, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 334.20/462.00 unha subvención nominativa, por importe de 3.500,00 euros, a favor do Concello do Irixo, para a Festa do Cabalo.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa



NUMERADO
ORACIÓNS
OCAIS



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

7

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 17 de novembro de 2017

proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello do Irixo, nos seguintes termos:

-Importe: 3.500,00 euros.

-Obxecto: Festa do Cabalo do Irixo 2017.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire aos mesmos proxectos que serviron de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto aos proxectos iniciais.
- 3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de decembro de 2017.

8.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DO IRIXO.- No Pleno, con data 28 de abril de 2017, acordouse aprobar o expediente n.º 2/2017 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2017, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 341.11/462.00 unha subvención nominativa, por importe de 5.000,00 euros, a favor do Concello do Irixo, para proba deportiva.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa



NUMERADO
ORACIÓNS
OCAIS



(Sinatura do Presidente)

Folío N.º

8

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 17 de novembro de 2017

proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello do Irixo, nos seguintes termos:

-Importe: 5.000,00 euros.

-Obxecto: Proba deportiva: Campionato de España e Campionato Galego de Cross Country 2017.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire aos mesmos proxectos que serviron de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto aos proxectos iniciais.
- 3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de decembro de 2017.

9.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE LOBIOS.- No Pleno, con data 29 de xaneiro de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2016 de modificación orzamentaria correspondente ao ano 2016, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 30.000,00 euros, a favor do Concello de Lobios, para proxecto transfronteirizo.

Posteriormente, no Pleno do día 30 de xuño de 2017, acordouse aprobar o expediente n.º 3/2017 de modificación orzamentaria do ano 2017, no que se propón baseándose no escrito presentado polo concello con data 13 de xuño de 2017, o cambio de finalidade da dita



NUMERADO
ORACIÓNS
OCAIS



[Sinatura do Presidente]

Folha N.º

9

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 17 de novembro de 2017

subvención, para “rematar o acondicionamento do Foxo do Lobo de Guende e 1ª fase do acondicionamento do xardín na área recreativa de Grou.

Unha vez vista a solicitude formulada pola alcaldesa do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Lobios, nos seguintes termos:

-Importe: 30.000,00 euros.

-Obxecto: rematar o acondicionamento do Foxo do Lobo en Guende.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de decembro de 2017.

10.- FIXACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS “PAZOLANDIA”.- Unha vez visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Especial de Contas e de Facenda e Economía para a fixación de prezos públicos “Pazolandia”, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:



NUMERADO
ORACIÓN
OCAIS



(Sinatura do Presidente)

Folío N.º

10

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 17 de novembro de 2017

Primeiro.- Establece-lo seguinte prezo público para a entrada ó parque de atraccións para nenos "Pazolandia": 4,00 € (IVE incluído) para o público en xeral, e 3,00 € (IVE incluído) para as persoas que accedan en viaxes promovidos polos concellos da provincia.

Segundo.- Nos restantes aspectos non previstos neste acordo, estarase ó disposto na Ordenanza reguladora dos prezos públicos polos servizos de actividades culturais, deportivas, educativas e de ocupación de tempo libre promovidas pola Deputación Provincial de Ourense (BOP n.º 139, do 19 de xuño de 2014).

11.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

12.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

13.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás nove horas e trinta minutos, do referenciado día dezasete de novembro do ano dous mil dezasete, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O VICESECRETARIO,